

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2010.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día 18 de xaneiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 16 DE NOVEMBRO DE 2009.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria de 16 de novembro de dous mil nove.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta plenaria devandita.

2º) ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2010. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame emitido pola Comisión Informativa de Contas con data 14 de xaneiro de 2010, obrante no expediente, e que a seguir se transcribe literalmente:

“1º.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2010. APROBACIÓN INICIAL. DICTAME.-

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente e mailo Concelleiro Delegado de Obras e Persoal explicanse os aspectos máis saientables do proxecto de orzamento e especialmente do Anexo de Inversións.

En relación coa proposta de inversións presentada polo Grupo Municipal do BNG para a súa incorporación ó proxecto de orzamentos, polo Sr. Alcaldéfáanse as seguintes consideracións:

1.- En relación coa proposta de saneamento integral e mellora da rede de abastecemento de augas polo Sr. Alcalde informase que a pasada semana Augas de Galiciá enviou a separata correspondente a Xove do plan de saneamento integral que contempla unhas inversións cercanas ós 7.000.000'00€ xa que inclúe a construción de sete pequenas depuradoras e a construción de numerosos puntos de bombeo.

Polo Sr. Alcalde considerase que é necesario estudar ben ese plan, xa que as inversións parecen excesivas e os custos de mantemento de depuradoras e bombeos totalmente inasumibles. Unha vez estudiado o Plan será o momento de que o Concello en colaboración con Aguas de Galicia acometa a execución das obras.

Respecto da rede abastecemento de auga polo Sr. Alcalde considerase que no Plan E deste ano incluírase unha obra de máis de 200.000'00€ que completará a rede municipal de subministro e abastecemento de auga.

2.- En relación coa proposta da Rede de Internet en todo o Concello polo Sr. Alcalde sinalase que xa se mantiveron contactos cunha empresa especializada para calculalos costes de implantación do sistema WIMAX nas zonas rurais e ditos costes, igual que pasou coa sinal da TDT, serán elevados porque será necesario instalar ademais de antenas, microemisores que eviten zonas de sombra. Respecto da zona costeira e urbana é previsible que este ano Telefonica amplie o sinal de banda ancha de acordo co plan aprobado polo Goberno Central.

3.- En relación coa proposta da mellora dos enlaces coa VAC polo Sr. Alcalde sinalase que este tema excede das competencias municipais pero en calquera caso se están mantendo conversas co Servicio de Estradas para aproveitar a necesaria reforma do enlace este para prever unha conexión axeitada da VAC coa zona sur do Concello (Palmeiro, Monte e A Rigueira).

4.- En relación coa proposta de ampliación do Polígono de Camba polo Sr. Alcalde sinalase que primeiro é necesario ter aprobado o Plan Xeral para ter solo clasificado como urbanizable de uso industrial. Sinalase igualmente que tra-la emisión dos informes favorables de Patrimonio, Portos, Aguas de Galicia e Medio Ambiente é posible que o PXOM poda ser aprobado provisionalmente a finais deste mes ou principios de febreiro.

5.- En relación coa proposta de mellora das entradas na Vila polo Sr. Alcalde sinalase que se acometerán as obras necesarias para mellorar e dignificar os accesos a Xove.

6.- En relación coa proposta de urbanización integral de determinados núcleos polo Sr. Alcalde manifestase que esta de acordo coa proposta máis recordando que neste tema é fundamental a colaboración dos veciños.

7.- En relación coa proposta de construción do Pantalan de Morás polo Sr. Alcalde informase que unha vez que Alcoa renunciou á concesión Portos de Galicia enviou expediente á Dirección Xeral de Costas do Estado, e neste momento estase esperando a que o Consejo de Ministros autorize o inicio das obras do dique de abrigo.

Rematado o debate a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez Meitin Guerreiro, acorda informar favorablemente o Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2010 e propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2010, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPOSTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	<i>Impostos Directos</i>	3.548.700,00€
Cap.2.	<i>Impostos Indirectos</i>	55.000,00€
Cap.3.	<i>Tasas e outros ingresos</i>	1.222.792,00€
Cap.4.	<i>Transferencias Correntes</i>	1.425.912,00€
Cap.5.	<i>Ingresos Patrimoniais</i>	79.630,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	<i>Enaxenación de inversións reais</i>	230.307,00€
Cap.7	<i>Transferencias de capital</i>	39.000,00€
Cap.8	<i>Activos financeiros</i>	0,00€
Cap.9	<i>Pasivos financeiros</i>	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.601.341,00€

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓN CORRENTES.

Cap.1	<i>Gastos de Persoal</i>	3.017.880,00€
Cap.2	<i>Gastos en bens correntes e servicios</i>	2.818.941,00€
Cap.3	<i>Gastos financeiros</i>	1.100,00€
Cap.4	<i>Transferencias correntes</i>	359.300,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	<i>Inversións Reais</i>	398.120,00€
Cap.7	<i>Transferencias de capital</i>	6.000,00€
Cap.8	<i>Activos financeiros</i>	0,00€
Cap.9	<i>Pasivos financeiros</i>	0,00€
	TOTAL GASTOS	6.601.341,00€

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Muniçipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lë 7/1985, do 2 de abril.

Os Srs. Vazquez Fra, Fernández Bouza e Ben Fernández manifestan a súa abstención anunciando que se pronunciaran no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde reitéranse os argumentos manifestados na sesión da Comisión Informativa, salientando que os aumentos no capítulo de gastos de persoal veñen derivados da consignación presupostaria para facer fronte ó pago do persoal adscrito ó Obradoiro de Emprego (1 Director, 1 Administrativo, 2 Monitores e 26 traballadores-alumnos); e que a minoración de ingresos que reflicte o documento orzamentario ten causa fundamentalmente na rebaixa da aportación estatal pola participación nos tributos do Estado, na rebaixa da previsión de ingresos por I.A.E. e por concesión de licencias tanto de apertura como de obra.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que a pesar desa diminución de ingresos, o orzamento contempla unha inversión de case 400.000 Euros que co complemento dos 380.000 Euros do Plan E, e das axudas ou subvención que se concedan ó longo do exercicio, conformaran un plan global de inversións para o ano 2010 que se pode considerar razoable para os tempos de crise económica que están a sufrir dun xeito especial tódalas entidades locais do país.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vaise abster por considerar que o orzamento para o 2010 que se somete á aprobación do Pleno é pouco ilusionante, xa que contempla unhas inversións moi escasas, cuantitativa e cualitativamente, votándose en falta a previsión de inversións importantes.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que o presente orzamento reflicte unha absoluta falla de xestión e de ambición por parte do actual Grupo de Goberno, o que ven se lle podería face-las mesmas críticas que o grupo de goberno anterior xa que os seus orzamentos son unha copia dos orzamentos daquela época, razón pola cal, os veciños poden seguir preguntándose que se fan con tantos cartos como se recadan.

Sinala o Sr. Fernández Bouza que non é de recibo xustificar unha redución de inversión de case o 50%, polo feito de que a participación nos Tributos do Estado se reduza en 100.000 Euros; a verdadeira razón desa redución da inversión atópase no aumento descontrolado dos gastos de persoal e dos gastos correntes.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que no Plan de Inversións do presente orzamento, chama poderosamente a atención a ausencia de inversións para o Plan de saneamento integral, o que supón un novo incumprimento da promesa electoral estrela do actual grupo de goberno, igualmente é significativa, porque reflicte cal é a idea de cultura que ten o actual grupo de goberno, a brutal redución das axudas á Escola de Música e a Orquesta de Xove.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que un ano mais serán os Fondos Estatais do Plan E os que laven a cara das inversións do Concello de Xove para este exercicio, engadindo que polas razóns expostas, vai votar en contra da aprobación do orzamento.

Polo Sr. Alcalde contestase ó Sr. Fernández Bouza, sinalando que ten a impresión de que as Comisións Informativas non serven para nada, xa que na sesión celebrada a semana pasada, deuse cumprida explicación a tódolos temas plantexados na súa intervención polo Sr. Fernández Bouza.

Como recordatorio, polo Sr. Alcalde fanse as seguintes puntualizacións:

- O Concello de Xove ten un nivel de prestacións de servizos cuns costes para os veciños que disfrutan dos mesmos, que é incomparable con calquera outro concello de Galicia, e parece obvio recordar que a prestación de tales servizos xera uns importantísimos custos en materia de persoal e de gasto corrente, en consecuencia, sería bo que o Sr. Fernández Bouza manifestara cales deses servizos deberían ser suprimidos ou cal debería ser o aumento das taxas e dos prezos públicos a pagar polos veciños usuarios dos mesmos.
- Manifestar que destinar 40.000 Euros á Escola e a Orquestra de Xove é un ataque á Cultura, non parece que sea xusto, tendo en conta as cantidades que tradicionalmente veñen percibindo outras asociacións de carácter cultural, radicadas no Concello.
- Respecto do saneamento integral do Concello de Xove, reiterase que na semana pasada foi remitido ó Concello a separata correspondente a Xove, do Plan de Saneamento Integral elaborado polo Organismo que ten competencias nesa materia, é dicir, Augas de Galicia. Nun primeiro análise dese documento tal e como se comunicou ós membros da Comisión Informativa, incluído o Sr. Fernández Bouza, advertiuse a previsión de construción dunhas sete pequenas depuradoras e de numerosos puntos de bombeo, o que significaría uns elevadísimos custos de mantemento, que terían que ser asumidos polo Concello, razón pola cal, pola Comisión, considerouse necesario efectuar unha análise máis detida do documento, para paliar esos inconvintes, como requisito previo para, en colaboración con Augas de Galicia, iniciar as obras de saneamento correspondentes. O que non ten lóxica ningunha e comezar unhas obras sen ningún tipo de planificación integral e sen o coñecemento do organismo que é competente para autorizalas.
- O Plan de Inversións previsto é razoable, tendo en conta a diminución de ingresos anteriormente referenciada, que non se debe soamente á redución da participación nos tributos do Estado.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que en ningún momento o BNG manifestou que fora necesario eliminar servizos nin aumentar impostos, para poder aumentar os presupostos de inversión, xa que cunha xestión axeitada, sen despilfarros e sen electoralismos, pódese reducir sustancialmente o gasto corrente.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar en contra da aprobación destes presupostos, por consideralos totalmente continuistas e por contemplar unha redución tanto cualitativa como cuantitativa das inversións reais respecto de exercicios anteriores, insistindo na necesidade de iniciar, coa maior urxencia posible as obras de saneamento pendentes.

Rematado o debate, a corporación cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, e Balseiro Canoura, coa abstención dos concelleiros Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, e co voto en contra dos concelleiros Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-lo dictame da comisión informativa de Contas, e na súa consecuencia :

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2010, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPUESTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓN CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.548.700,00 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	55.000,00€
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.222.792,00€
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.425.912,00€
Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	79.630,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Enaxenación de inversións reais	230.307,00€
Cap.7	Transferencias de capital	39.000,00€
Cap.8	Activos financeiros	0,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.601.341,00€

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS**A).- OPERACIÓN CORRENTES.**

Cap.1	Gastos de Persoal	3.017.880,00€
Cap.2	Gastos en bens correntes e servicios	2.818.941,00€
Cap.3	Gastos financeiros	1.100,00€
Cap.4	Transferencias correntes	359.300,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	398.120,00€
Cap.7	Transferencias de capital	6.000,00€
Cap.8	Activos financeiros	0,00€
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL GASTOS	6.601.341,00€

SEGUNDO: Aprobalo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aprobala Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, DO EJERCICIO 2010 POR IMPORTE DE 29.972,31€. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta do expediente do epígrafe, sinalando a corrección do importe dos créditos que se someten a aprobación do pleno, subsanando o erro material de transcripción, cometido na redacción da convocatoria da presente sesión.

Coa autorización da Presidencia, pola Interventora municipal, explícase á Corporación os aspectos máis salientables do expediente.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación do expediente.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase igualmente a súa intención de votar a favor da aprobación do seu expediente.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de absterse.

Rematado o debate a Corporación, cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage, e Fernández Bouza, e coa abstención do Concelleiro Ben Fernández, acorda aproba-lo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 29.972,31€; integrado polas facturas obrantes no expediente.

4º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A VÍA DE ALTA CAPACIDADE BARREIROS-FERROL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe que a seguir se transcribe literalmente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

Moción Vía de Alta Capacidade tramo Barreiros-Ferrol

Exposición de motivos:

As infraestruturas de transportes e comunicacións constitúen un elemento necesario para impulsar o fomento da actividade produtiva e para facilitar a mobilidade de persoas e mercadorías, as orientacións da Unión Europea nesta materia e as propostas contempladas na perspectiva europea de ordenación do territorio (PEOT), determinan a necesidade de que as redes transeuropeas de transporte cubran o territorio dos Estados membros, nomeadamente as rexións con localización periférica, como é o caso galego, xa que ‘...non é posíbel admitir que a distancia xeográfica vaia acompañada por un castigo adicional para os territorios periféricos..’ (Decisión 1692/96/CE, actualmente en trámite de revisión)

No contexto da área norte da Galiza costeira, as comarcas da Mariña lucense, Ortegal, Eume e Ferrol, constitúen un espazo definido e diferenciado de 300.000 habitantes e 3.000 quilómetros cadrados de superficie, segundo se define no estudo socioeconómico realizado pola Fundación

Universidade de A Coruña e na historia común destes territorios. O potencial económico e demográfico desta área xeográfica caracterízanse pola presenza de importantes enclaves industriais e enerxéticos (Inespal-Alcoa, Endesa-As Pontes, Megasa, IZAR-Fene/Ferrol, ABSA , Porto de Celeiro) así como unha actividade relativamente superior á media galega en sectores como a pesca, a explotación forestal, industrias extractivas de minerais non metálicos, alimentación, téxtil e confección, madeira e corcho, química, metalurxia, transportes e outros, cuxo desenvolvemento futuro está precisamente condicionado á mellora das infraestruturas viarias. En resumo, o 10.5% da poboación galega, o 10.3% da cuota de mercado galega, o 14.0% da actividade industrial de Galiza e o 10.3% da actividade económica galega concéntranse nesta zona. Sen embargo, esta relevancia económica e social, determinante sen dúbida dentro do PIB galego, contrasta cunha deficiente dotación de infraestruturas de comunicación, o que dificulta os fluxos de actividade e a inter-relación entre as distintas áreas do territorio, e do conxunto co exterior, constituíndo esta situación un freo importante para o pleno desenvolvemento do potencial existente nesta área xeográfica galega.

O Consello da Xunta de Galiza celebrado o 6 de abril de 2001 no mosteiro de San Clodio (Leiro), deu- aprobación ao denominado ‘Plano de Infraestruturas Viarias das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e Mariña luguesa’, un programa de obras de infraestrutura de índole diversa, e que comprometía investimentos por parte das Administracións central e autonómica dunha contía de 191.094 millóns de pesetas. Dentro deste conxunto de infraestruturas inclúese a ‘Vía de Alta Capacidade do Litoral (tramo San Cibrao-Ferrol)’, e a ‘Vía de Alta Capacidade do Litoral (tramo Barreiros-San Cibrao)’, proxectos que amosan a estas alturas do tempo un considerábel retraso, de acordo coa previsión realizada pola propia Xunta de Galiza.

A ‘Vía de Alta Capacidade do Litoral (tramo San Cibrao-Ferrol)’, a executar pola Xunta de Galiza, coa forma de corredor, ven ser un tramo de 88 Km que discorre polas comarcas da Mariña de Lugo, Ortega le Ferrolterra cun prazo de execución de seis anos no período 2001-2007. A pesa de tratarse dunha obra que xa tiña que estar rematada a día de hoxe, só dous dos seus tramos, está na día de hoxe licitados sendo absolutamente insuficiente os investimentos que se recollen nas contas públicas para o 2010. Non só iso, os Orzamentos de 2010 na súa programación plurianual alonga para as anualidades 2013 e seguinte o grosa do investimento que chega a cifrar....

A ‘Vía de Alta Capacidade do Litoral (tramo Barreiros-San Cibrao)’, a executar polo Ministerio de Fomento, coa forma de autovía, ven ser un tramo de 30 Km que percorre os Concellos de Barreiros, Foz, Burela e Cervo a executar no período 2001-2007. A esta altura a Administración do Estado, a pesar dos acordos parlamentarios que falaban do seu remate no horizonte de 2008, só ten executado un estudo informativo do trazado xa sometido ao tramite de exposición pública. Non deixa de ser curioso que nos Orzamentos Xerais do Estado se teñan recollido partidas de carácter testemuñal para esta actuación desde 2004, non procedéndose a súa execución na case totalidade das anualidades Orzamentarias.

A vista do exposto resulta evidente un incumprimento dos prazos por parte das administracións comprometidas na obra, a necesidade dun impulso inversor e a definición dun cronograma que garanta prazos de execución, partindo da realidade da mesma, así como dotacións orzamentarias suficientes a fin de que permitir o seu remate nun período razoábel.

Acordo:

1º) *O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación acorde instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que procedan a acordar un cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes que permitan rematar a Vía de Alta Capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte de 2014.*

2º) *O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación dea traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, a Xunta de Galiza e aos Grupos Parlamentarios con representación na Cámara galega e no Congreso dos Deputados.”*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción, por considerar que dita infraestrutura é fundamental para o desenvolvemento de tódolos concellos afectados pola mesma, pero considera necesario puntualizar dous temas:

- 1º) Que no que se refire á V.A.C. San Cibrao-Ferrol, de competencia autonómica, o anterior goberno da Xunta, integrado polo PSOE e polo BNG, pouco ou nada fixo, chegando ó extremo de suspender a tramitación dos proxectos constructivos de tres tramos, nos últimos meses da súa etapa de goberno.
- 2º) Que o actual Conselleiro de Obras Públicas comprometeuse con tódolos alcaldes dos concellos afectados, con independencia da súa cor política, a cumprir con rigor o cronograma de traballo que prevé o remate do 80% da obra no ano 2014, e a xuntanza dunha comisión de seguimento cada 6 meses.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente a súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe, anteriormente transcrita.

5º) MOCIÓN DO BNG SOBRE A ÁREA SANITARIA DA MARIÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables da moción do epígrafe.

Polo Sr. Alcalde manifestase que, deixando claro que a actual Conselleira de Sanidade aclarou no seu momento que a reforma do modelo de xestión sanitaria en ningún caso suporía unha merma na calidade dos servizos sanitarios da zona e prexuízos para os profesionais adscritos o Hospital de Burela, o Grupo de Goberno non ten inconvinte ningún en votar a favor da moción, se no punto primeiro da súa parte dispositiva se engadira o seguinte texto “ ... ampliando as competencias que ten na actualidade, así como o catalogo de servizos que se ofrecen no Hospital da Costa. Integrando tamén, dun xeito coordinado, os distintos Centros de Saúde de Atención Primaria.”

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non ten inconvinte ningún en aceptar dito engadido.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que con ese engadido, o seu grupo tamén vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente a súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción que a seguir se transcribe integramente.

“Xesús Xosé Fernández Bouza, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na corporación municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente.

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DA ACTUAL ÁREA SANITARIA DA MARIÑA

Exposición de motivos: A creación, primeiro do Hospital da Costa, como resposta as grandes mobilizacións que viviu A Mariña aos finais dos setenta, e a posterior posta en marcha do mapa sanitario de Galiza aprobado inicialmente polo Decreto 126/1984 e modificado posteriormente polo Decreto 55/1989 que deu orixe a creación da Área Sanitaria da Mariña, significou unha mellora substancial da atención sanitaria da comarca malia as múltiples deficiencias tanto en materia de dotacións e servizos que aínda sofre a zona.

A principio do mes de Xullo, a Conselleira de Sanidade anunciou en Burela a creación dunha área sanitaria única para a provincia de Lugo, o que suporá a supresión da área norte de saúde, que abarca A Mariña, e a centralización da xestión hospitalaria en Lugo. As declaracións da Sra. Pilar Farjas provocaron unha grande preocupación na Comarca pois ao Hospital da Costa están asignados aproximadamente 72.000 persoas, distribuídos en 14 Concellos, que pasarían a ter como primeiro hospital de referencia o Hospital de Lugo, a uns 100 Km do Burela e uns noventa minutos de desprazamento en coche. A maior afondamento a Xerente do Sergas, Rocío Mosquera, non dubidou en equiparar a área sanitaria como "unha integración de hospitais".

Malia que a Consellaría non concretou o alcance desta proposta máis ala de consideracións xenéricas como "aumentar a eficiencia e a eficacia" ou "o reforzo de novas estratexias organizativas", é precisamente por esa falla de concreción dados os antecedentes históricos que existen nesta área sanitaria, que a poboación comeza a estar alarmada posto que suporía unha merma importante dos servizos sanitarios ofertados así como da calidade dos existentes.

A xuízo do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego as consecuencias para a sanidade pública atinxirían tanto aos usuarios como aos profesionais sanitarios e a grosso modo resúmese nos seguintes aspectos:

Unha xerencia ubicada na cidade de Lugo, quer pola distancia física, quer pola distancia da Mariña coa capital da provincia, implicaría unha dificultade para o acceso á mesma e descoñecemento de moitos problemas e eivas cotias que xurdisen nos centros da actual área da Costa.

Unha xerencia ubicada en Lugo podería por en cuestión investimentos previstos tanto nos centros de saúde como no propio Hospital da Costa. Neste sentido na Comarca da Marina observase con preocupación que este novo modelo pona en risco a ampliación do Hospital da Costa, a implantación de novos servizos e especialidades así como a supresión de dotación no centro de saúde.

Unha xerencia única coa súa ubicación en Lugo e diante da escaseza de certos profesionais de algunhas especialidades médicas, implicaría desprazamentos constantes da poboación actual da área da costa á cidade. Tendo en conta a distancia xa sinalada, a situación das comunicacións, o tempo de viaxe e ausencia dun transporte público axeitado, eses desprazamentos implicarían unha grande perda da calidade de vida para a poboación afectada alen de teren que asumir os gastos de desprazamento e, no seu caso, de

hospedaxe os propios usuarios o que supón unha discriminación con respecto a poboación doutras zonas.

A supresión da área sanitaria da Costa implicaría para os/as profesionais da saúde ter que optar a traballar en toda a provincia. Para o persoal eventual, tendo que inscribirse ñas listas de contratación provinciais e tendo que aceptar contratos a máis de cen Km do seu domicilio, baixo a ameaza de penalización. Para o persoal fixo que accederá ao seu posto despois da publicación do Estatuto Marco e en base á mobilidade funcional, tendo enriba a espada de Damocles dun traslado forzoso a calquera lugar da provincia en calquera momento.

Por todos estes motivos, a supresión da área sanitaria da Costa, significaría ao ver do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha merma na calidade asistencia! que se lie presta á poboación da Marina e non pode consumarse porque sería avanzar no desmantelamento de servizos da Marina, particularmente nunha cuestión central como é a atención sanitaria.

SOLICITA:

1º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación a que defenda o mantemento do mapa sanitario de Galiza no que atinxe á área de saúde da Costa, mantendo e ampliando as competencias que ten na actualidade, así como o catálogo de servizos que se ofrecen no Hospital da Costa. Integrando tamén, dun xeito coordinado, os distintos Centros de Saúde de Atención Primaria.

2º) O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita que se lie de traslado do presente acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, a Conselleira de Sanidade así como aos grupos políticos con representación na cámara galega.”

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

6º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PROPOÑENDO A CONSTITUCION DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA NON PERMANENTE PARA O ANALISE DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL. ADOPCION DE ACORDO.

Antes de entrar no debate do asunto, polo Sr. Alcalde manifestase que tendo en conta a composición da Corporación Municipal, coa existencia de dous grupos unipersoais (BNG e PsdeG-PSOE), sería máis operativo que o seguimento do plan de ordenación do litoral se realizase a través das reunións que fosen necesarias da xunta de portavoces, sen ter necesidade de crear ningún tipo de comisión a maiores das existentes.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase a súa aceptación da proposta plantexada polo Sr. Alcade, a e na súa consecuencia, retira a moción do epígrafe, coa conformidade de tódolos membros da Corporación.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do escrito de Rogos e Preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG e das respostas formuladas ó mesmo, igualmente por escrito polo Sr. Alcalde-Presidente; que a seguir se transcriben:

Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes rogos e preguntas para o próximo pleno ordinario do mes de xaneiro.

ROGOS:

1.- No acceso intermedio á urb. palmeiro, e debido a escasa visibilidade e o perigo que supón para os peons, o tránsito dende a saída por baixo ate a beirarua da entrada darrriba, seria ben construír un novo tramo de beirarua a carón da estrada da Rigueira.(100mt.) empatando pola esquerda no sentido de circulación Xove as dúas entradas.

***Resposta Rogo 1º.-** Se toma e consideración o rogo e de feito xa se tratou o tema cos representantes de COGAMI xa que a parcela que se lles cedeu resultaría afectada.*

2.- O selo ou –cruño-oficial do Concello de Xove así coma moitos rótulos cartéis e diversa propaganda podemola ver como “Ayuntamiento” e nalgúns casos “Axuntamento” pedimos que se normalicen e se corrixan estes casos.

***Resposta Rogo 2º.-** Tómase en consideración o rogo e procederase á substitución dos cruños.*

3.- O Centro Social de Palmeiro leva tempo pechado, pensamos que é unha deixadez por parte do goberno local pois é o que mellores condicións ten do concello, os veciños da parroquia poderían disfrutar das súas instalacións si se puxera a funcionar como un centro sociocultural. e unha vergoña que cos recursos materiais e humanos que conta este concello, se pechen instalacións coma estas. Solicitamos que se utilicen os medios e Técnicos dos que dispón o Concello, para botar a andar e “darlle vida” ós centros sociais.

***Resposta Rogo 3º.-** Nos últimos anos renunciaron á explotación do Centro os seus tres últimos adjudicatarios (a última renuncia presentouse a finais do ano pasado) alegando todos eles unha absoluta falla de rentabilidade debida fundamentalmente á cercanía do casco urbano de Xove que obviamente ten unha oferta de servizos coa que non pode competi-lo Centro Social de Palmeiro. Este problema agravouse aínda mais coa recente apertura dun Bar – Restaurante na mesma Urbanización. Á vista do exposto esta Alcaldía considera necesario estudar detidamente xunto cos veciños da Urbanización a posibilidade de que fora a propia Comunidade de Veciños a través do Clube Deportivo a encargada da xestión do Centro contándo coa colaboración e axudas municipais.*

PREGUNTAS:

1.- A depuradora do Reconco da gusto vela, leva rematada varios meses pero non funciona, a vella de Palmeiro fai o que pode pero, non se pode esperar máis para tratar os vertidos, son un atentado ó río rigueira, e polo que preguntamos:

a.) Cales son as causas para que non se bote a andar e que esta a facer o goberno local e a xunta?

b.) Para cando a posta en funcionamento da depuradora?

Resposta Pregunta 1ª.- *Según a información facilitada por Augas de Galicia e a empresa constructora para o remate, recepción e posta en funcionamento da EDAR de Regosanguento somentes resta solucionar-lo tema do subministro de enerxía eléctrica para en breve prazo formaliza-la citada acta de posta en funcionamento.*

2.-) Na estrada de Beltran a Vila, hai unha barrincoia perigosa, sabe o concello dela, e si é así, porque non se adoptan medidas preventivas?

Resposta Pregunta 2ª.- *Somos coñecedores do problema e de feito xa se iniciaron os traballos de desescombros e consolidación.*

3.-) Nas concesións de diversas obras do Concello, temos a impresión de que se mira pouco polos intereses locais, á hora de redistribuir riqueza o traballo e unha das mellores fórmulas. Non e certo que houbo algunha empresa de xove que presentou oferta e non se lle concedeu a obra?

Resposta Pregunta 3ª.- *A afirmación contida na pregunta é totalmente incerta. Compre sinalar que unha das directrices básicas que segue esta Alcaldía e o resto dos integrantes do grupo de goberno, como parte integrante da súa política de promoción e consolidación do emprego dentro do municipio, é - co respecto máis absoluto á legalidade – procurar que a contratación municipal (obras, servizos, subministros, etc..) se realice con empresas radicadas en Xove. Outra cousa diferente é, que determinado tipo de obras, subministros ou servizos, ben sexa pola súa complexidade ou características ou que pola súa contía legalmente teñan que ser obxecto de licitación pública, se adxudicarán a empresas de fora.*

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo